

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	Terra de Trasancos	Narón	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0653	Xestión financeira	2024/2025	7	123	147
MP0653_12	Produtos e servizos financeiros	2024/2025	7	90	108
MP0653_22	Seguros	2024/2025	7	33	39

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ENCARNACIÓN MARÍA MÉNDEZ CASAL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

Este módulo contén a formación necesaria para desempeñar a función de xestión financeira da empresa que abrangue aspectos como:

- Determinar as necesidades financeiras da empresa.
- Procura de financiamento e de axudas públicas.
- Procura de produtos e servizos financeiros que se adapten ás necesidades da empresa.
- Análise e selección de investimentos óptimos para a empresa.
- Contratación de produtos e servizos financeiros.
- Verificación de orzamentos e detección de desviacións.
- Manexo de aplicacións informáticas.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na área de financiamento de pequenas e medianas empresas de calquera sector de actividade.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Necesidades financeiras e axudas económicas para a empresa.	Determinar as necesidades financeiras e axudas económicas e subvencións públicas e/ou privadas para a empresa	15	14
2	O sistema financeiro e a clasificación dos produtos financeiros de pasivo e de activo e os servizos financeiros.	Identificar as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro e as súas características. Clasificación dos produtos financeiros de pasivo e de activo e dos servizos financeiros detallando as súas características.	24	14
3	Valoración de produtos e servizos financeiros.Cálculo financeiro.	Análise de operacións de:desconto de efectos, liquidación de contas bancarias, depósitos, préstamos, arrendamento financeiro e empréstitos. Aplicación do cálculo financeiro ás operacións financeiras. Aplicación da folla de cálculo.	34	16
4	Selección de investimentos en activos financeiros e económicos. Cálculo financeiro.	Análise e clasificación dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento. Realización dos cálculos oportunos en operacións de compravenda de activos financeiros e do VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos. Aplicación financeira da folla de cálculo.	20	14
5	Orzamentos da empresa.Cálculo e análise de desviacións.	Integración dos orzamentos parciais das áreas funcionais e/ou territoriais da empresa nun orzamento común. Control e execución do orzamento e cálculo e análise de desviacións. Uso de aplicacións informáticas ás tarefas orzamentarias.	15	15
6	A actividade aseguradora	Identifica a lexislación básica que regula a actividade aseguradora, os elementos dun contrato de seguro, valoración de riscos e os conceptos aseguradores básicos.	22	14
7	Os produtos de seguros.	Clasificación dos tipos de seguros, as súas características e o tratamento fiscal dos seguros.	17	13

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Necesidades financeiras e axudas económicas para a empresa.	15

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as necesidades financeiras e as axudas económicas óptimas para a empresa, logo de identificar as alternativas posibles.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Comprobáronse os estados contables desde a óptica das necesidades de financiamento.
CA1.2 Verificáronse informes económico-financeiros e patrimoniais dos estados contables.
CA1.3 Comparáronse os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións.
CA1.4 Confeccionáronse informes de acordo coa estrutura e os procedementos, tendo en conta os custos de oportunidade.
CA1.5 Utilizáronse todas as canles de información e comunicación para identificar as axudas públicas e privadas, así como fontes ás que poida acceder a empresa.
CA1.6 Identificáronse as características das formas de apoio financeiro á empresa.
CA1.7 Contrastouse a idoneidade e as incompatibilidades das axudas públicas e privadas estudadas.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Análise de estados financeiros.

Contidos
Axudas e subvencións públicas e/ou privadas.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	O sistema financeiro e a clasificación dos produtos financeiros de pasivo e de activo e os servizos financeiros.	24

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica os produtos e os servizos financeiros, analizando as súas características e as súas formas de contratación.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro.
CA2.2 Precísáronse as institucións financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
CA2.3 Detalláronse os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.
CA2.4 Recoñecéronse as variables que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.5 Identifícanse os suxeitos que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.6 Relacionáronse as vantaxes e os inconvenientes dos produtos e servizos.
CA2.7 Determinouse a documentación necesaria esixida e xerada coa xestión dos produtos e servizos financeiros.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Sistema financeiro.
Produtos financeiros de pasivo e de activo.
Servizos financeiros.
Outros produtos financeiros.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Valoración de produtos e servizos financeiros.Cálculo financeiro.	34

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Avalía produtos e servizos financeiros do mercado, para o que realiza os cálculos, e elabora os informes oportunos.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Recolleuse información sobre produtos e servizos financeiros a través de diversas canles dispoñibles.
CA3.2 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.
CA3.3 Calculáronse as comisións e os gastos devindicados en cada produto.
CA3.4 Determinouse o tratamento fiscal de cada produto.
CA3.5 Determinouse o tipo de garantía esixido por cada produto.
CA3.6 Realizáronse informes comparativos dos custos financeiros de cada produto de financiamento proposto.

Criterios de avaliación
CA3.7 Comparáronse os servizos e as contraprestacións das entidades financeiras, resaltando as diferenzas, as vantaxes e os inconvenientes.
CA3.8 Comparáronse as rendibilidades, as vantaxes e os inconvenientes de cada forma de aforro ou investimento proposta en produtos financeiros.
CA3.9 Realizáronse os cálculos financeiros necesarios utilizando aplicacións informáticas específicas.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira.</p> <p>Análise de operacións de desconto de efectos e liñas de crédito.</p> <p>Análise de operacións de liquidación de contas.</p> <p>Análise de operacións de depósitos.</p> <p>Análise de préstamos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Métodos de amortización.</p> <p>Análise de operacións de arrendamento financeiro e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.</p> <p>Análise de operacións de empréstitos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.</p> <p>Aplicación financeira da folia de cálculo.</p>

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Selección de investimentos en activos financeiros e económicos. Cálculo financeiro.	20

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona investimentos en activos financeiros ou económicos, para o que analiza as súas características e realiza os cálculos oportunos.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñeceuse a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento.
CA4.2 Clasifícanse os activos financeiros utilizando como criterio o tipo de renda que xeren, a clase de entidade emisora e os prazos de amortización.
CA4.3 Distingúronse o valor nominal, de emisión, de cotización, de reembolso e outros para efectuar os cálculos oportunos.
CA4.4 Determinouse o importe resultante en operacións de compravenda de activos financeiros, calculando os gastos e as comisións devindicadas.
CA4.5 Elaboráronse informes sobre as alternativas de investimento en activos financeiros que máis se axusten ás necesidades da empresa.
CA4.6 Identifícanse as variables que inflúen nun investimento económico.
CA4.7 Calculouse e interpretouse VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
<p>Mercados financeiros.</p> <p>Renda fixa e variable.</p> <p>Débeda pública e privada.</p> <p>Fondos de investimento.</p> <p>Produtos derivados.</p> <p>Fiscalidade dos activos financeiros para as empresas.</p> <p>Investimentos económicos.</p> <p>Aplicación financeira da folla de cálculo.</p>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Orzamentos da empresa.Cálculo e análise de desviacións.	15

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Integra os orzamentos parciais das áreas funcionais e/ou territoriais da empresa ou da organización, verificando a información que conteñen.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Integráronse os orzamentos das áreas nun orzamento común.
CA5.2 Comprobose que a información estea completa e na forma requirida.
CA5.3 Contrastouse o contido dos orzamentos parciais.
CA5.4 Verificáronse os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.
CA5.5 Valorouse a importancia de elaborar en tempo e forma a documentación relacionada cos orzamentos.
CA5.6 Controlouse a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas.
CA5.7 Ordenouse e arquivouse a información de xeito que sexa doadamente localizable.
CA5.8 Utilizáronse aplicacións informáticas na xestión das tarefas orzamentarias.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Métodos de orzamentación.



Contidos
Orzamento mestre e orzamento operativo.
Cálculo e análise de desviacións.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	A actividade aseguradora	22

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a tipoloxía de seguros analizando a actividade aseguradora.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse a lexislación básica que regula a actividade aseguradora.
CA1.2 Relacionáronse os riscos e as condicións da asegurabilidade.
CA1.3 Identifícanse os elementos que conforman un contrato de seguro.
CA1.5 Establecéronse as obrigas das partes nun contrato de seguro.
CA1.6 Determináronse os procedementos administrativos relativos á contratación e o seguimento dos seguros.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Concepto, características e clasificación.
Contrato de seguro e a valoración de riscos.

Contidos
Elementos materiais e persoais dos seguros.
Xestión administrativa derivada da contratación dun seguro.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Os produtos de seguros.	17

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a tipoloxía de seguros analizando a actividade aseguradora.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.4 Clasifícanse os tipos de seguros.
CA1.7 Identifícanse as primas e os seus compoñentes.
CA1.8 Determinouse o tratamento fiscal dos seguros.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Clasificación dos seguros.
Tarifas e primas.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS ESIXIBLES:

Unidade Formativa 1: Produtos e servizos financeiros.

UD. 1. Necesidades financeiras e axudas económicas para a empresa: Son mínimos exigibles os criterios de avaliación sinalados do CA1.1 ao CA1.7, excepto o CA1.4.

UD. 2. O Sistema financeiro e a clasificación dos produtos financeiros de pasivo, de activo e os serzos financeiros: Son mínimos exigibles os criterios de avaliación sinalados do CA2.1 ao CA2.6.

UD. 3. Valoración de produtos e servizos financeiros. Cálculo financeiro: Son mínimos exigibles os criterios de avaliación sinalados do CA3.1 ao CA3.9, excepto o CA3.5.

UD. 4. Selección de investimentos en activos financeiros e económicos. Cálculo financeiro: Son mínimos exigibles os criterios de avaliación sinalados do CA4.1 ao C4.7, excepto o CA4.5.

UD. 5. Orzamentos da empresa. Cálculo e análise de desviacións: Son mínimos exigibles os criterios de avaliación sinalados do CA5.1 ao CA5.8, excepto o CA.5.5

Unidade Formativa 2: Seguros.

UD. 1. A actividade aseguradora: Son mínimos exigibles os criterios de avaliación sinalados CA1.1, CA1.3, CA1.5 e CA1.6.

UD. 2. Os produtos de seguros: Son mínimos exigibles os CA1.4, CA1.7 e CA1.8.

O alumnado para alcanzar os obxectivos do módulo deberá:

- Analizar os estados financeiros e as axudas e subvencións públicas e/ou privadas para a empresa.
- Definir o sistema financeiro e a súa composición.
- Identificar e diferenciar os produtos financeiros de pasivo e de activo e os servizos financeiros.
- Realizar cálculos financeiros básicos.
- Analizar operacións de desconto de efectos, de liñas de crédito, de liquidación de contas e de depósitos.
- Analizar operacións de préstamos e métodos de amortización, operacións de arrendamento financeiro, operacións de empréstitos e aplicacións do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.
- Definir os mercados financeiros.
- Diferenciar renda fixa e renda variable.
- Identificar os fondos de investimento.
- Identificar a fiscalidade dos activos financeiros para as empresas.
- Identificar as variables que inflúen nun investimento económico.
- Calcular e interpretar o VAN, o TIR, e outros métodos de selección de investimentos.
- Analizar a integración de orzamentos da empresa, os métodos de orzamentos e as desviacións e o seu cálculo.
- Definir o contrato de seguro e a valoración de riscos.
- Diferenciar os tipos de seguros.
- Identificar os elementos materiais e persoais dos seguros.

- Determinar os procedementos administrativos relativos á contratación e o seguimento dos seguros.
- Identificar as primas e os seus compoñentes.
- Utilizar ferramentas informáticas no tratamento da información na xestión financeira.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

O alumno/a deberá superar os controis periódicos e ter realizados todos os exercicios e traballos de aula establecidos como mínimos.

Para calcular a nota do alumno/a valorarase a súa actitude a través da observación directa na aula e da realización das actividades de ensino-aprendizaxe.

Teráanse en conta os seguintes aspectos:

- Participación activa na aula, reflectida no interese pola materia, iniciativa e capacidade para obter información de forma autónoma e resolución dos supostos de cada unidade didáctica.
- Orde e pulcritude nos traballos individuais ou en equipo realizados.
- Boa disposición para traballar en equipo.

A actitude ten un peso na cualificación do alumnado do 10 % se a actitude é positiva, en caso contrario iríase descontando nota no seu proceso de aprendizaxe.

Os contidos básicos terán un peso do 80 % na nota final e valorarase conxuntamente a través da realización de probas escritas, que amosarán os coñecementos que posúe o alumno/a e tamén as deficiencias no seu proceso de aprendizaxe.

En cada avaliación ordinaria farase unha ou máis probas escritas individuais. Indicarase a puntuación correspondente a cada pregunta ou exercicio e a cualificación mínima para aprobar.

O alumnado que chegue a un 10% de faltas de asistencia sen xustificar perderá o dereito a avaliación continua según establece a lei, se chega ó 20 % de faltas aínda que sexan xustificadas, considerase que non se pode realizar a avaliación continua dese alumno e deberá presentarse a un examen final.

Nas probas escritas valorarase:

- A corrección das respostas.
- A presentación, caligrafía, faltas de ortografía.
- A coherencia interna do discurso.

A cualificación final das probas escritas será de 10 puntos.

A cualificación menor ou igual a 4 puntos é insuficiente, o alumno/a non superou a proba escrita e terá que recuperala.

A cualificación maior de 4 puntos pode compensarse con outras probas escritas e traballos (pode facer promedio con outras probas escritas e traballos).

Poderanse realizar controis periódicos nos que se incluírán cuestionarios e/ou exercicios prácticos da materia impartida. Neste caso a nota da avaliación será a media aritmética de todas as probas realizadas sempre que en cada unha delas o alumno/a obteña máis de 4 puntos. En caso contrario terá que repetir a proba non superada.

Os traballos individuais ou en equipo realizados terán un peso do 10 % na cualificación do alumno/a.

Para desenrolar os contidos das unidades didácticas os alumnos/as realizarán traballos individuais ou en equipo. A puntuación variará en función dos contidos e da súa dificultade. Os alumnos/as coñecerán a puntuación cando expoñan o traballo.

Nos traballos valorarase:

- A puntualidade na entrega.
- A corrección dos contidos.

- Que cumpre as pautas fixadas previamente.
- Que a redacción dos contidos sexa elaborada polo propio alumno/a.
- A coherencia interna do discurso , a súa defensa e a exposición.

Se non se realizaran traballos nunha avaliación, a porcentaxe do 10 % sumarase ao 80 % correspondente ás probas escritas.

Se durante a realización dunha proba escrita se detecta a un alumno copiando, retiráraselle o examen e terá que examinarse de toda a materia do módulo nun único exame final.

No caso de confinamento, as clases continuarán a través da aula virtual. Por esta vía faranse chegar aos alumnos os traballos que deberán realizar coas datas de entrega e que se valorarán para obtención da nota final.

Os exames faríanse tamén a través da aula virtual.

A non participación na aula virtual e a non entrega dos traballos nas datas establecidas considerárase falta de asistencia que computará para a perda do dereito a avaliación continua

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando os resultados de algunha avaliación non acaden os mínimos exixibles, realizaránse actividades de recuperación que consistirán na realización de novas tarefas, repaso dos contidos non asimilados que permitan ao alumnado acadar os coñecementos exixidos. Faranse probas de recuperación en cada avaliación. Farase unha recuperación final para alumnos que teñan pendente algunha avaliación ou a totalidade da materia.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos/as que sueren o límite máximo de faltas de asistencia do 10 % das horas do módulo, perderán o dereito á avaliación continua e deberán realizar unha proba escrita en xuño sobre a totalidade das unidades didácticas do módulo.

A proba de xuño constará de dúas partes: parte teórica e parte práctica.

Parte teórica: Consistirá nunha proba escrita con preguntas cortas e tipo test que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación.

Parte práctica: Consistirá na resolución de varios exercicios.

Os mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva e os criterios de cualificación son os establecidos no apartado 5 da programación.

A data, hora e duración desta proba estableceráse en reunión do Departamento de Administrativo e faráse pública no taboleiro de anuncios dos alumnos cunha antelación mínima de quince días.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para determinar se o desenvolvemento das clases e das actividades propostas para que o alumno/a acade os obxectivos planificados resultaron eficaces e adecuados, levaráse a cabo unha avaliación tendo en conta:

- A propia avaliación feita polo alumnado das actividades propostas.
- Opiniós escritas do alumnado, sobre os coñecementos acadados, o que máis lles gustou, en que atoparn maior dificultade.
- Debate entre os profesores que integran o Departamento de Administrativo.

Estes aspectos recolleráanse na memoria anual e servirán para a elaboración da programación do curso seguinte e para mellorar a práctica docente.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

.Recolleita de datos dos alumnos/as:

- Alumnos/as con algún tipo de discapacidade.
- Alumnos/as procedentes doutros países e que non dominen o noso idioma.
- Experiencia laboral e estudos realizados.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aplicaránse se é necesario medidas de reforzo educativo, por exemplo unha atención personalizada con explicacións máis detalladas do profesor/a, facilitaráselle ao alumno/a o material necesario (preguntas e exercicios de repaso etc) .

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Teráanse en conta os seguintes aspectos:

- Asistencia ás clases e puntualidade.
- Comportamento na clase, respecto polos compañeiros, o profesor/a e o material.

- Participación activa na aula, reflectida no interese pola materia, iniciativa e capacidade para obter información con carácter autónomo.
- Predisposición para o traballo en equipo.
- Realización de actividades que respecten o medio ambiente como por exemplo: reciclaxe de papel, envases, recollida de pilas etc.
- Realización de actividades solidarias, como por exemplo: axudas a países que sofren catástrofes, guerras tec.
- Celebración no Instituto de charlas sobre comercio xusto, día da muller traballadora, cooperativismo, etc.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaránse aquelas actividades que se planifiquen polo Departamento de Administrativo como por exemplo charlas, visitas a empresas etc.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Bibliografía recomendada

Libro de texto: Gestión Financiera. Editorial:MC Graw-HILL

### 10.2) Recursos informáticos

Os do centro.  
Uso da AULA VIRTUAL